



COMUNICACIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO SOBRE A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES ADMITIDAS/OS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE EQUINODERMOS NA MODALIDADE DE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA

1. Mediante Resolución de 16 de marzo de 2026 este departamento territorial convocou un proceso selectivo para a cobertura de dúas (2) prazas de equinodermos na modalidade de a pé para exercer a actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores da Guarda, dirixido a aquelas persoas con permiso de percebe a pé vixente, que participasen no *plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé* da Confraría da Guarda aprobado para o trienio 2025-2027.
2. Mediante Resolución de 27 de abril de 2026, deste departamento, publicouse a listaxe das puntuacións provisionais obtidas polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo e deuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para presentar alegacións.
3. Non se presentou ningún escrito de alegacións.
4. Na lista de admitidos publicada hai once (11) persoas empatadas con 7,00 puntos, puntuación máxima obtida entre as persoas aspirantes. Polo que, neste suposto o empate nas puntuacións resolverase consonte ao disposto na Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Á vista do exposto e no exercicio das súas competencias este departamento territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo en presenza das persoas afectadas, para dirimir o empate xurdido. A asistencia ao sorteo é VOLUNTARIA.

Lugar de celebración:

SALA C – planta 4ª do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia- Torre 1
Rúa Concepción Arenal, 8
36201 Vigo

Data: 1 de xuño de 2026

Hora: 9:00h en única convocatoria

Para poder acudir ao acto as persoas afectadas terán de remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando a intención de acudir, o seu nome, apelidos e DNI. O prazo máximo para confirmar a asistencia é o venres, 29 de maio ás 14:00h.





De ser o caso, aquela persoa que asista no lugar dalgunha das persoas afectadas, deberá presentar no momento da entrada ao acto un documento no que acredite a súa representación, debidamente cuberto, indicando os datos identificativos e sinatura da persoa aspirante e a persoa autorizada.

Relación de persoas aspirantes empatadas:

- 11 persoas empatadas con 7,00 puntos:

| Nº | Apelidos e nome | D.N.I. |
|----|--------------------------------------|-----------|
| 1 | ADROVER MORENO, RENÉ | ***0074** |
| 2 | ALFONSO LOMBA, MARÍA | ***0427** |
| 3 | CASTRO DORNA, MARÍA MERCEDES | ***0130** |
| 4 | DEL CAMPO SANTIAGO, IGNACIO SALVADOR | ***7623** |
| 5 | DÍAZ ROCHA, PAULA | ***7623** |
| 6 | DORNA COSTA, OSWALDO | ***0364** |
| 7 | DURÁN MARTÍNEZ, MARÍA DEL PILAR | ***9058** |
| 8 | FIGUEROA PATO, MARÍA CRISTINA | ***9618** |
| 9 | MARIÑO ÉSTEVEZ, JOSEFA | ***9880** |
| 10 | MERINO POSADA, FERNANDO BORJA | ***0780** |
| 11 | PÉREZ GÓMEZ, SHIRLEY GRACIELA | ***6624** |

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas, para continuar coa tramitación do proceso de selección.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais, así como no taboleiro de anuncios da Confraría.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

Por suplencia da directora territorial
Carmen de Benito Caula
Xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

